

## **CPI PLURILINGÜE JOSÉ GARCÍA GARCÍA**

### **PROTOCOLO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

(Este protocolo completa o artigo 35. “actividades complementarias e extraescolares” do NOFC e figurará como anexo nos dous documentos)

#### **1. Viaxes de estudos.**

- 1.1. As viaxes de estudos ofértanse para un nivel en concreto e deberán ter fundamentalmente carácter cultural e formativo. Non deberán superar os 5 días lectivos aínda que se poidan engadir días non lectivos.
- 1.2. As viaxes de estudos poderán organizarse por unha titoría(s), ciclo (s), departamento (s) en colaboración coa persoa dinamizadora das actividades complementarias e extraescolares.

#### **2. Requisitos para a organización e realización.**

- 2.1. As actividades presentaranse ao inicio do curso ao Equipo Directivo, ben documentadas (programa, custos, obxectivos, contidos, avaliación...) para a súa aprobación polo Consello Escolar. En caso de programarse con posterioridade, deberán presentarse con tempo e contar sempre coa aprobación do Consello Escolar.
- 2.2. En todos os casos deberase ter o permiso correspondente asinado polos pais/nais ou titores/as legais.
- 2.3. A persoa dinamizadora de actividades complementarias e extraescolares comunicará ao profesorado calquera actividade extraescolar ou complementaria que se realice, sempre que sexa posible, con suficiente antelación no taboleiro da Sala de Profesores/as, no espazo reservado para as comunicacións e/ou por correo electrónico.

#### **3. Datas.**

- 3.1. Evitarase, na medida do posible, que as actividades se realicen en datas próximas ás avaliacións ou datas con moitos exames. Poderán realizarse ao final de curso se remataron os exames e probas de cualificación.

#### **4. Organización e profesorado acompañante.**

- 4.1. Para o bo funcionamento, organización e necesario control das saídas do centro, esixirase a presenza ou asistencia dun/dunha profesor/a por cada 20 alumnos/as. Cada grupo irá acompañado como mínimo por dous profesores. Máis de 40 alumnos/as acompañarán 3 docentes; máis de 60 acompañarán 4 docentes e así sucesivamente. Excepcionalmente poderase aumentar o rateo se o alumnado con NEE o precisase.
- 4.2. As familias poderán participar nas saídas e ser responsables no control igual e en ausencia de profesorado. O centro facilitará a colaboración coa ANPA, Concello e outros centros ou asociacións.
- 4.3. Poderase solicitar a presenza de persoal coidador/a para a atención exclusiva de alumnado que o requira.

- 4.4. No caso de que algún docente ou membro da comunidade escolar queira ir a unha viaxe organizada polo centro, a maiores do rateo permitido, deberá custearse os gastos persoalmente e, no caso dos docentes solicitar o permiso correspondente.
- 4.5. As viaxes serán contratadas con seguro incluído. Ademais esixirase a contratación dun seguro de responsabilidade civil, especialmente no caso de viaxes ao estranxeiro.
- 4.6. No caso de viaxes ao estranxeiro é recomendable que o profesorado acompañante domine a lingua do país que se visita, ou teña un bo nivel de inglés. Da mesma forma, é bo que algún profesor/a dos acompañantes teña experiencia neste tipo de viaxes.

## 5. Custos.

- 5.1. Cada departamento fará un orzamento o máis detallado posible dos custos que leva a actividade organizada (desprazamento, aloxamento, manutención, transporte, entradas, etc.) e entregarán un escrito co programa da actividade. Procurarase reducir ao máximo os gastos para que o custo non supoña un impedimento para que calquera alumno/a poida realizar a actividade.
- 5.2. Xunto cos cartos da reserva, os pais e nais deberán entregar un resguardo asinado de compromiso coa actividade. Este resguardo é vinculante e debe respectar todas as normas que recolle este protocolo, cuxo obxectivo é o bo funcionamento e aproveitamento da actividade.
- 5.3. Debido ás renuncias que se dan no último momento sen causas xustificadas en determinadas actividades e o trastorno que supón, cando se requira a contratación de servizos con terceiros que inclúan gastos correspondentes a desprazamento, aloxamento e/ ou mantenza, é posible que non recuperen os cartos ou parte deles. En calquera caso, nunca se devolverán os cartos da reserva; só os que sexa posible unha vez feito o aboamento. Da mesma maneira, no caso de falta inxustificada a unha actividade que teña custos (entradas, transporte, etc.) o alumno/a deberá aboar o custo completo da mesma.
- 5.4. As contías por indemnizacións por razón de servizo serán reguladas pola Resolución do 29 de decembro de 2005 (DOG 30 de decembro):  
Axudas de custo en territorio nacional (euros):

Por grupos	Por aloxamento	Por manutención	Axuda de custo enteira
2º	65,97	37,4	103,37

Uso de vehículo particular, 0,19 euros por quilómetro percorrido.

- 5.5. Para saídas internacionais aumentarase media dieta máis en

manutención total, a cal quedaría en 56 € por día e persoa.

- 5.6. O centro proporcionará no curso escolar 300 € en concepto de axuda de transporte, para cada grupo ou departamento. Se se utiliza un autobús a axuda inclúe a alumnado e docentes. Se se usa outro medio que implique a compra de billetes, a asignación será para os adultos responsables e, de haber excedente, para o alumnado.
- 5.7. Procurarase que todos os grupos e niveis teñan, cando menos unha saída anual do centro, implique ou non custos.
- 5.8. As asignacións económicas de aula non poderá ser empregadas para o custe destas actividades.
- 5.9. O resto dos gastos da viaxe serán aportados polo alumnado (ou familias destes) tendo dereito a un pícnic de mediodía (feito no comedor do centro) incluíndo ao alumnado que non emprega este servizo.
- 5.10. As viaxes fin de etapa terán prioridade en caso de ter que elixir.

## **6. Participación, selección do alumnado e normas.**

- 6.1. Unha vez iniciada a actividade tanto as normas do P.E.C. como os criterios expostos anteriormente seguirán vixentes no lugar de realización da actividade ou no lugar de destino polo que un alumno/a que os incumpra poderá ser apartado da actividade ou, no seu caso, poderá ser mandado/a ao seu domicilio familiar facéndose cargo os responsables dos gastos que supoña esta circunstancia. Tamén serán de estrito cumprimento as normas que impoñan os responsables ou entidades externas das actividades.
- 6.2. Os pais e nais recibirán un documento no que se recollen estas normas e deberán entregalo asinado no centro a modo de conformidade e compromiso, xunto coa autorización de participar na actividade.
- 6.3. O alumnado que non participe na actividade ten a obriga de asistir a clase e os seus profesores deben proporcionarlle o traballo que consideren oportuno, sempre e cando a realización deses traballos non vaia en detrimento dos que acoden á actividade.
- 6.4. O alumnado poderá recadar cartos para a súa viaxe de estudos, contando coa supervisión dun membro do claustro ou ANPA implicados.